

MEMORIA FIN DE CURSO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

1.- ESPAZO

Despacho D.O.

2.- ACTIVIDADES E ANÁLISE DE RESULTADOS

No presente curso escolar 23-24 diseñamos un Plan de Actuación seguindo o artigo 15º da Orde do 24 de xullo de 1998, na circular nº 10 / 2010 e no Decreto 229/2011 polo que se regula a Atención á Diversidade, así como na ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado.

Tal como está previsto no Plan, na memoria final realizamos a avaliación das actuacións planificadas do DO, como memoria anual do DO:

ACTIVIDADES	CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS E VALORACIÓN
Asesorar á comunidade educativa nos procesos de identificación das necesidades educativas do alumnado, na súa valoración, nas medidas educativas a adoptar e na súa avaliación.	Procesos desenvolvidos durante todo o curso. Adicouse unha parte importante das xornadas diarias á observación e valoración do alumnado nas aulas e patios de xogo, asesorando ao profesorado, tanto para a identificación temperá das dificultades, como nas medidas de atención á diversidade ordinarias para aplicar nas aulas, recollendo a información pertinente nos respectivos informes psicopedagóxicos, orientando cara ao DUA e a coherencia nas liñas metodolóxicas nas etapas ed. Asemade mantívose contacto directo coas familias vía telefónica para as orientacións e seguimento da evolución no contexto familiar.

<p>Traballar os valores de inclusión, respecto pola diversidade e a diferenza, en estreita colaboración coa coordinadora do Plan de Benestar emocional e convivencia escolar.</p>	<p>Procesos desenvolvidos durante todo o curso.</p> <p>Especialmente traballamos a nivel de grupo nos cursos 5º e 6º, cos que formamos equipos de mediación nos patios de recreo, en estreita colaboración coa coordinadora do Plan de Benestar.</p> <p>Traballáronse actividades formativas e preventivas de acoso escolar e formación para habilidades sociais.</p> <p>Colaborouse con reunións semanais coa coordinadora nas actuacións do Plan de Benestar Emocional e Convivencia</p> <p>Asemade coordinouse o traballo coas familias do alumnado con mais dificultades de xestión emocional.</p>
<p>Establecer e coordinar medidas de Reforzo Educativo e medidas de Apoio de P.T. e A.L.</p>	<p>Trimestralmente realizáronse os axustes necesarios para reforzar ao ANEAE con mais dificultade e progreso irregular.</p> <p>Realizáronse outros axustes, dado que as dúas mestras de PT dos programas PROA e ACOMPAÑA foron substituídas por tres novas mestras.</p>
<p>Coordinar reunións das titorías co D.O. para optimizar as medidas de atención ao alumnado con dificultades de aprendizaxe.</p>	<p>Realizáronse titorías presenciais coas familias do ANEAE, sempre coa presenza da titora.</p>
<p>Tramitación das becas para ANEAE</p>	<p>Tramitáronse as becas en prazo a inicio de curso.</p> <p>As novas solicitudes para o vindeiro curso recibíronse, cubríronse e realizáronse os informes pertinentes para alixeirar o traballo no inicio do vindeiro curso, dado que o prazo remata o 13 de setembro e se</p>

	incorporará unha nova persoa orientadora.
Organización dos horarios para desenvolver os Plans de apoios do profesorado de AL e PT.	Os horarios reorganizáronse trimestralmente tralas avaliacións. E tiveron que axustarse para reforzar mais a algún alumno que progresa con moita dificultade.
Seguimento dos Plans de apoio e programas de intervención	Realizamos seguimento semanal nas reunións dos especialistas do DO.
Seguimento do Plan Anual de Actividades do D.O. (PAADO)	Sen dificultade salientable, salvo a escaseza de tempo laboral para cubrir todas as funcións do DO.
Seguimento de programas preventivos dentro do Plan Anual de Actividades do D.O. (PAADO)	Realizamos actividades de prevención do uso adictivo do móvil e das RRSS. A inicio de curso informamos a todas as familias do centro por escrito cunha circular sobre o risco do uso de pantallas interactivas na idade escolar e os efectos no seu desenvolvemento no rendemento escolar. Realizamos actividades de prevención do acoso escolar en todos os niveis de ed. Infantil e Primaria (utilización do PUNTO LARANXA).
Realización das avaliacións psicopedagóxicas pertinentes tralas demandas do profesorado e/ou familias, e redacción dos correspondentes informes psicopedagóxicos.	Realizáronse as avaliacións e seguimento coa colaboración das familias e as titorías. Dada a escaseza de tempo no centro por parte da orientadora, quedan pendentes para o vindeiro curso avaliacións psicopedagóxicas de alumnado que manifesta dificultades de aprendizaxe e con indicadores de posibles trastornos de desenvolvemento.
Reunións de coordinación no IES ALEXANDRE BÓVEDA (por convocatoria do DO do IES)	Reunións trimestrais no IES co D.O. dos centros adscritos, coordinando plans de acción e

	<p>preventivos.</p> <p>O alumnado de 1º da ESO visitou o noso CEIP nunha xornada informativa.</p> <p>Neste curso 23-24 a mestra de 6º de E.P. decidiu non acudir co seu alumnado á visita do IES para a xornada informativa, dado que non estaban invitados tres alumnos que irán a outro IES.</p>
Cumprimentación de Drdadi e DRorienta	<p>Sen dificultades.</p> <p>Tamén se actualizaron os datos do ANEAE no XADE</p>
Asesoramento na realización e seguimento das ACS	<p>Asesoramos na realización da ACS á titoría de 2º e durante todo o curso colaboramos nas titorías coa familia da alumna e coordinamos co gabinete.</p> <p>As propostas para novas ACS para un alumno de 5º non se levaron a cabo por decisión das mestras das áreas.</p>
Asesoramento á Comunidade Educativa.	<p>Asesoramos a familias, persoal non docente ATE, ademais do persoal docente.</p>
Celebración de Reunións do D.O.	<p>A reunión do DO ao completo realizouse no inicio de curso para constituir o DO.</p> <p>Semanalmente mantivéronse xuntanzas cos mestres especialistas de apoio e xunto coa directora e xefa de estudos, por indicacións específicas do equipo directivo, informando das incidencias, seguimento do ANEAE, con escaso tempo nas reunións para afondar nas necesidades do alumnado e o asesoramento ao profesorado.</p>
Atención ás familias en coordinación	<p>A valoración das titorías conxuntas é moi positiva, tanto</p>

coas titorías	por parte das titoras, como das familias e das mestras especialistas do DO.
Asistir ás sesións de avaliación, sempre que non coincidan co centro base.	Non foi posible por parte da orientadora poder acudir a todas ás sesións de avaliación de infantil e primeiro ciclo, por mor das dificultades de coordinación de datas co centro base. Delegando o labor nas mestras especialistas de apoio.
Actuacións extraordinarias en casos de risco	Intervención con Servizos Sociais autonómicos, en colaboración co equipo directivo.

3.- RECURSOS

RECURSOS PERSOAIS:

-Mestras de apoio: unha mestra de PT con destino definitivo no centro, un mestre AL con destino definitivo no centro compartido con outro CEIP (4 xornadas no noso centro). Unha mestra de apoio especialista PT do programa PROA+, unha mestra de apoio especialista PT do programa ACOMPAÑA.

Orientadora compartida con outro CEIP no que ten o seu centro base.

RECURSOS MATERIAIS:

-Despacho D.O. equipado con ordenador, archivador e probas psicopedagóxicas estandarizadas.

-Aula de apoio de PT

-Aula de apoio de AL

4.- PARTICIPACIÓN DAS FAMILIAS E IMPLICACIÓN NO PROCESO DE APRENDIZAXE DO ALUMNADO

As familias en xeral solicitaron entrevistas co departamento cando xurdiron inxerencias pola evolución dos seus fillos e fillas e colaboraron co centro. Exceptuando dous casos de familias en situación de vulnerabilidade social.

As reunións e entrevistas da orientadora coas familias realizáronse por norma xeral xunto coa persoa titora.

5.- COORDINACIÓN DO PROFESORADO

O profesorado titor en xeral colaborou abertamente coas especialistas de apoio e a orientadora nas actividades de atención á diversidade e valoracións do alumnado.

7.-DIFICULTADES ATOPADAS

A maior dificultade radica na escasez de tempo, dúas xornadas no centro para a orientadora son claramente insuficientes para poder facer fronte a todas as necesidades de atención, seguimento e valoración do ANEAE, asesoramento ao profesorado e cubrir as demandas do equipo directivo.

9.-PROPOSTAS PARA O VINDEIRO CURSO

Continuar coas valoracións do ANEAE iniciadas e continuar colaborando coas titorías dende dentro das aulas.

10.-MATERIAIS PRECISOS PARA UN BO DESENVOLVEMENTO DO CURSO.

Os departamentos de AL e de PT precisan renovación de materiais.